

**GUÍA INFORMATIVA E DE ESPECIFICACIÓNS DAS
PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO C1
ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
GALICIA
CURSO 2024-2025**



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS.....	3
3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS.....	3
4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS.....	4
5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.....	5
6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS.....	6
7. DEFINIÇÃO DO NIVEL AVANZADO C1.....	6
8. ESTRUCTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO C1.....	8
9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA.....	8
10. COMPETENCIAS E CONTIDOS.....	9
11. TEMAS.....	9
12. TIPOS DE TEXTO.....	9
13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DA PROBA.....	10
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.....	10
COPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN ESCRITA.....	11
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS.....	12
PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN ORAL.....	12
MEDIACIÓN ORAL.....	13
14. RESULTADOS.....	14
15. RECOMENDACIÓNS FINAIS.....	15



1. INTRODUCCIÓN

O presente documento contén a descrición das probas de certificación correspondentes ao nivel Avanzado C1 que se realizarán durante o curso 2024/25 nas escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia. Ten a finalidade de facilitarlles información sobre a estrutura e o contido destas probas ás persoas candidatas.

As probas de certificación do nivel Avanzado C1 están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE/BOE núm. 106, 4 de maio de 2006), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE/BOE núm. 295, martes 10 de decembro de 2013).
- O Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos pans de estudos e as deste real decreto (BOE/BOE núm. 311, sábado 23 de decembro de 2017).
- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, Intermedio B1, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 154, luns 13 de agosto de 2018).
- A Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25.
- A Instrución 8/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024/25.
- A Instrución 3/2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2024/25.

2. PERFIL DAS PERSOAS CANDIDATAS

O perfil do alumnado das EOI é moi variado, tanto pola idade como pola súa formación, nivel cultural e motivación. En consecuencia, as probas estarán deseñadas para un alumnado heteroxéneo.



3. REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

Poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que desexen obter unha certificación académica que faga constar o seu nivel de competencia comunicativa no idioma obxecto de exame e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 16 anos (ou 14, se se examina dunha lingua distinta á que estea a cursar como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria) ou cumprilos no ano 2025.
- Ser: a) alumnado oficial matriculado nun curso final de nivel C1; b) alumnado de That's English! que superase o nivel correspondente neste programa; c) alumnado libre.
- De ser o caso, efectuar, dentro dos prazos establecidos, os trámites de inscrición e abonar as taxas correspondentes para realizar as probas.

4. NÚMERO DE CONVOCATORIAS

Réxime oficial

O alumnado que curse os seus estudos polo réxime oficial disporá de dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria, para a obtención do certificado de nivel avanzado C1.

Réxime libre

O alumnado que se presente ás probas polo réxime libre disporá dunha única convocatoria para a obtención do certificado de nivel avanzado C1.

O calendario de probas será o fixado nos anexos V e VI da Instrución 3/2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional, e poderá consultarse nas diferentes EOI e nas súas páxinas web.

5. DEREITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Adaptación da proba para persoas con diversidade funcional.

É posible a adaptación da proba ás necesidades especiais daquelas persoas candidatas que presenten algún tipo de discapacidade (véxase a Instrución 3/2025, apartado 3.4).

As persoas candidatas deben declarar e xustificar estas circunstancias no momento de formalizar a matrícula mediante unha certificación oficial acreditativa da súa discapacidade e do grao desta. A escola poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que emitan un informe sobre as medidas necesarias para avaliar a estas persoas candidatas, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IV da Instrución 3/2025.



Solicitud de adaptación da proba

As persoas candidatas que precisen adaptación deberán encher o formulario de Solicitud de adaptación da proba, Anexo III da Instrución 3/2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Xustificantes de asistencia

As persoas candidatas poderán solicitar un xustificante de asistencia ao exame. Este xustificante solicitaráselle ao profesorado administrador unha vez finalizada a proba escrita ou oral.

Dereito a reclamar

De acordo co establecido no apartado 23 da Resolución do 16 de maio de 2024, calquera persoa candidata que estea en desacordo coa súa cualificación final poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas nun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados. A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.
- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación, ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitaralle ao departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, nun prazo dun mes para partir do día seguinte ao da súa recepción.

6. OBRIGAS DAS PERSOAS CANDIDATAS

As persoas candidatas deberán:

- Ser puntuais e presentarse na aula onde se realizará a proba escrita á hora indicada na convocatoria. Non se lle permitirá a entrada á aula a ningunha persoa candidata despois do último chamamento.



- Consultar a súa convocatoria concreta para a proba de produción, coprodución e mediación oral publicada polo centro, e presentarse con puntualidade á hora na que sexa convocada/o e no lugar indicado. Esta proba oral poderá ser fixada para antes ou despois da proba escrita.
- Presentar o DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da identidade cando se lle requira na aula.
- Presentar o resgardo da matrícula.
- Usar bolígrafo de tinta azul ou negra non borrable para realizar o exame. As probas escritas con lapis ou emendadas con líquido ou cinta correctora non serán cualificadas.
- Manter apagados os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante toda a proba.
- Entregar todos os documentos do exame (incluídos os borradores) ao finalizar a proba correspondente.
- Asinar na folla de sinaturas ao entregar cada parte da proba.
- Saír da aula con discreción e abandonar o centro, para non molestar ás demais persoas que continúen realizando a proba.

7. DEFINICIÓN DO NIVEL AVANZADO C1

O nivel Avanzado C1 das EOI de Galicia equivale ao nivel C1 definido no Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL), un documento creado pola división de Política Lingüística do Consello de Europa, coa intención de proporcionar, en toda a súa zona de influencia, unha base común para a elaboración de programas de linguas, orientacións curriculares, exames, manuais etc.

Segundo o Decreto 81/2018, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto):

As ensinanzas de nivel avanzado C1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para actuar con flexibilidade e precisión, sen esforzo aparente e superando facilmente as carencias lingüísticas mediante estratexias de compensación, en todo tipo de situacións nos ámbitos persoal e público, para realizar estudos a nivel terciario ou participar con seguridade en seminarios ou en proxectos de investigación complexos no ámbito académico, ou comunicarse eficazmente en actividades específicas no eido profesional.

Para isto, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma con gran facilidade, flexibilidade, eficacia e precisión para comprender, producir, coproducir e procesar unha ampla



gama de textos orais e escritos extensos e estruturalmente complexos, precisos e detallados, sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas de carácter xeral ou especializado, incluso fóra do propio campo de especialización, en diversas variedades da lingua, e con estruturas variadas e complexas e un amplo repertorio léxico que inclúa expresións especializadas, idiomáticas e coloquiais e que permita apreciar e expresar matices sutís de significado.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C1, o alumnado será capaz de:

- Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.*
- Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.*
- Comprender con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.*
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos*

complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.

- *Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posible as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.*

8. ESTRUCTURA DA PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL AVANZADO C1

ACTIVIDADE DE LINGUA	TIPOLOXÍA DE TAREFAS	PUNTUACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	Tarefa nº 1: Emparellamento sinxelo	8
	Tarefa nº 2: Verdadeiro / falso con xustificación	8
	Tarefa nº 3: Opción múltiple	9
MEDIACIÓN ESCRITA	Tarefa: Seleccionar, resumir, sintetizar, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información	12,5
COPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN ESCRITA	Tarefa nº 1: Coprodución de textos escritos	12,5
	Tarefa nº 2: Producción de textos escritos	12,5
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	Tarefa nº 1: Emparellamento sinxelo	7
	Tarefa nº 2: Completar un esquema, (info)gráfico, extracto dunha charla ou conferencia, apuntamentos, tomar notas...	9
	Tarefa nº 3: Opción múltiple	9
MEDIACIÓN ORAL	Tarefa: Seleccionar, resumir, sintetizar, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información	12,5
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	Tarefa nº 1: Producción de textos orais	12,5
	Tarefa nº 2: Coprodución de textos orais	12,5
TOTAL		125 puntos

Nas probas de comprensión de textos escritos e orais, cada ítem ten o valor de **1 punto**.

A mediación textual refírese á competencia / habilidade que teñen as persoas candidatas para seleccionar e transmitir información relevante dun ou varios textos fonte, adaptándoa ás necesidades comunicativas da persoa destinataria e ao propósito comunicativo requirido pola tarefa. É preciso procesar e adaptar esa información.

9. DISTRIBUCIÓN E ORDE DE ADMINISTRACIÓN DA PROBA

A proba administrárase en dúas sesións, unha para a parte escrita e outra para a proba de produción, coprodución e mediación oral.

SESIÓN I

ACTIVIDADES DE LINGUA	DURACIÓN
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	60 minutos
PAUSA	10 minutos
MEDIACIÓN ESCRITA	20 minutos
COPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	80 minutos
PAUSA	10 minutos
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	40 minutos
TOTAL	3h 40 minutos

No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.

SESIÓN II

ACTIVIDADES DE LINGUA	DURACIÓN (POR PARELLA)
MEDIACIÓN ORAL	25 minutos
PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
TOTAL	

A sesión correspondente á actividade de lingua de produción, coprodución e mediación oral poderá ter lugar antes ou despois da sesión correspondente ás outras actividades de lingua. A intervención das persoas candidatas será gravada en audio.



10. COMPETENCIAS E CONTIDOS

As competencias e os contidos serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, para o nivel Avanzado C1 (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, anexo I, epígrafes 1.2, 2.2, 3.2, 4.2 e 5. Competencias e contidos).

11. TEMAS

Os temas sobre os que se basearán as distintas tarefas da proba de certificación de nivel Avanzado C1 serán os recollidos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, anexo I, epígrafes 1.2.6, 2.2.6, 3.2.6, 4.2.6 e 5.2). Cubrirase a maior variedade de temas posible e evitarase repetir temas nas diferentes tarefas:

- **Alimentación:** tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- **Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- **Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- **Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- **Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...
- **Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
- **Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...
- **Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...
- **Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...

- **Lecer e tempo libre:** xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...
- **Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...
- **Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...
- **Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:** estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- **Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e estancias no estranxeiro:** turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadías no estranxeiro...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- **Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

12. TIPOS DE TEXTO

Os textos serán os descritos no currículo vixente para as escolas oficiais de idiomas, para o nivel Avanzado C1 (Decreto 81/2018, do 19 de xullo de 2018, anexo I). Cubrirase a maior variedade de tipoloxía textual posible e evitarase repetir a tipoloxía textual nas diferentes tarefas. Utilizaranse textos auténticos que cumpran coas características e obxectivos das tarefas:

POSIBLES TEXTOS ESCRITOS	POSIBLES TEXTOS ORAIS
<ul style="list-style-type: none"> • Correspondencia persoal e profesional especializada • Informacións, anuncios e slogans publicitarios • Instrucións extensas • Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade • Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas 	<ul style="list-style-type: none"> • Anuncios publicitarios complexos retransmitidos • Audiovisuais • Cancións • Clases gravadas • Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas • Conversas especializadas • Debates e discusións formais sobre temas



<p>de interese xeral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoien excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica • Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos • Textos ensaísticos • Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática • Textos que poidan amosar trazos non normativos • Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade 	<p>complexos ou específicos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas... • Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo • Informativos • Instrucións e indicacións detalladas • Páxinas web gobernamentais • <i>Podcasts</i> • Representacións teatrais • Reunións de traballo con vocabulario específico • Sondaxes e cuestionarios complexos
--	---

13. CARACTERÍSTICAS DE CADA PARTE DE LA PROBA

COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información detallada, técnica e específica. • Comprender información explícita e implícita. • Comprender información global e ideas principais. • Comprender opinións e actitudes. • Identificar detalles sutís que inclúen actitudes e opinións tanto explícitas como implícitas.
NÚMERO DE TAREFAS: entre 3 e 5	
POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS	



- Completar información en esquemas ou diagramas.
- Contestar preguntas de opción múltiple (a, b o c) cunha soa resposta correcta.
- Contestar preguntas de resposta breve.
- Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas xustificando a resposta.
- Emparellar textos con enunciados o con títulos que resuman a idea principal.

MEDIACIÓN ESCRITA	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptar e recontextualizar información. • Seleccionar, procesar, sintetizar e/ou resumir información. • Transmitir, recapitular e reformular información.
NÚMERO DE TAREFAS: 1	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA: Escribir unha mensaxe, ou un texto breve, ou un resumo, seleccionando e transmitindo información relevante dun ou varios textos fonte para cubrir as necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.</p> <p>Extensión: mínimo 80 palabras – máximo 100 palabras</p> <p>Deberanse tratar todos os puntos indicados na tarefa e respectarase a extensión indicada.</p> <p>No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés, o número de palabras ou caracteres poderán ser distintos.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesoras/es.</p> <p>Utilizarase un baremo que avaliará os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A capacidade para adaptarse ás necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s. • A capacidade para cumprir o propósito comunicativo. • A capacidade para facilitar e transmitir a información requirida cunha linguaxe apropiada.

COPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Argumentar. • Describir experiencias, espazos, persoas e sensacións. • Diferenciar entre ideas principais e secundarias. • Expoñer e solicitar información. • Expresar desexos, sentimentos e opinións. • Formular hipóteses e facer predicións. • Formular propostas e conclusións • Narrar sucesos e acontecementos
NÚMERO DE TAREAS: 2	
DESCRIPCIÓN DA PROBA	
<p>TAREFA 1: Coproducción de textos escritos: Escribir correspondencia formal ou semiformal. Extensión: mínimo 120 palabras - máximo 150 palabras</p> <p>TAREFA 2: Producción de textos escritos: Redactar un texto de opinión para unha revista, un xornal, un foro de internet, unha web, etc. / unha opinión na sección de comentarios dun xornal / nun blog. Extensión: mínimo 180 palabras - máximo 210 palabras</p> <p>Trataranse todos dos puntos indicados nas tarefas. Respectarase a extensión indicada para cada tarefa. No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés o número de palabras ou caracteres poderán ser distintos.</p>	
AVALIACIÓN	<p>Dobre corrección por un tribunal de 2 profesoras/es</p> <p>Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:</p> <p>EFICACIA COMUNICATIVA, ADECUACIÓN E MEDIACIÓN</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O cumprimento da función comunicativa da tarefa. • O tratamento dos puntos indicados na tarefa cun contido axeitado. <p>ADECUACIÓN</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A extensión do texto.



	<ul style="list-style-type: none"> • A utilización dun formato textual apropiado. • O estilo adoptado. • O uso dun rexistro e/ou estilo axeitado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación. <p>ORGANIZACIÓN E COHESIÓN</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A distribución en parágrafos. • A organización da información e das ideas. • A utilización de conectores e outros mecanismos de cohesión. • O uso adecuado da puntuación. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A variedade e precisión das estruturas <u>morfosintácticas</u>. • O grao de corrección <u>morfosintáctica</u>. • O grao de corrección <u>ortográfica</u>. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A variedade e precisión dos recursos léxicos. • O grao de corrección léxica.
--	--

COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender información de forma selectiva. • Comprender información detallada. • Comprender información explícita e implícita. • Comprender información global e ideas principais. • Comprender opinións e actitudes. • Identificar pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre as persoas falantes. • Organizar e discriminar información
-------------------	---

NÚMERO DE TAREFAS: entre 3 e 5

POSIBLE FORMATO DAS TAREFAS

- Completar información en esquemas, diagramas, etc.
- Contestar preguntas de opción múltiple (a, b o c) cunha soa resposta correcta.
- Contestar preguntas de resposta breve.
- Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas.
- Emparellar textos con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.

As gravacións correspondentes a cada tarefa escoitaranse dúas veces.

Ningunha persoa candidata poderá abandonar a aula antes de que finalice a audición de todos os textos orais.

MEDIACIÓN ORAL

OBXECTIVOS

- Adaptar e recontextualizar información.
- Seleccionar, procesar, sintetizar e/ou resumir información.
- Transmitir, recapitular e reformular información.

NÚMERO DE TAREFAS: 1

DESCRIPCIÓN DA PROBA

TAREFA: Seleccionar e transmitir oralmente información relevante dun ou varios textos fonte para cubrir as necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.

Preparación conxunta da mediación e da produción oral: 4 minutos.

No caso de ter que realizar unicamente a mediación¹, o tempo de preparación da tarefa será de 2 minutos.

Intervención individual: 1-2 minutos.

AVALIACIÓN

Dobre corrección por un tribunal de 2 profesoras/es

Utilizarase un baremo que avaliará os seguintes aspectos:

- A capacidade para cumprir o propósito comunicativo.
- A capacidade para adaptarse ás necesidades comunicativas da/s persoa/s destinataria/s.

¹ Só alumnado oficial, en convocatoria extraordinaria

	<ul style="list-style-type: none"> • A capacidade para facilitar e transmitir a información requirida cunha linguaxe apropiada.
--	--

PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> • Argumentar. • Describir temas complexos. • Expoñer información de xeito detallado. • Expresar puntos de vista e opinións. • Facer propostas. • Iniciar, manter e concluír a exposición dun tema. • Participar activamente en conversas e discusións formais e informais. • Realizar narracións elaboradas, integrando subtemas. • Recapitular e reformular información.
-------------------	---

NÚMERO DE TAREFAS: 2

DESCRIPCIÓN DA PROBA

A proba realizarase por parellas (ou tríos, se é o caso) e será gravada en audio.

A proba constará das seguintes fases:

Acollida (non avaliable)

Tarefa 1. Producción de textos orais

- A exposición realizarase individualmente seguindo as instrucións dunha ficha que entrega o profesorado administrador.
- A persoa candidata disporá de 4 minutos para a preparación conxunta da mediación e da coproducción. No caso de ter que realizar unicamente a produción oral², o tempo de preparación da tarefa será de 2 minutos.
- Unha vez transcorrido o tempo de preparación, cada persoa candidata exporalle o seu tema á/ao compañeira/o durante un tempo de entre 2-3 minutos.

Tarefa 2. Coproducción de textos orais

Coproducción entre as persoas candidatas a partir dunha ficha que presenta unha situación relativa á actualidade.

² Só alumnado oficial, en convocatoria extraordinaria



- As persoas candidatas deberán argumentar os seus puntos de vista, explicar as posibles causas das problemáticas que se presenten e propor solucións, comparar e contrastar alternativas.
- Valóranse tamén as estratexias de interacción que as persoas candidatas empreguen na coprodución así como respectar as quendas de palabra.
- Tempo para a lectura das instrucións da tarefa: 2 minutos.
- Coprodución (diálogo): 4-5 minutos por parella (6-7 minutos no caso de trío).

Despedida (non avaliable)

No caso de árabe, chinés, ruso e xaponés os tempos poderán ser distintos.

AVALIACIÓN

Tribunal formado por 2 profesoras/es

Un/ha profesor/a administra e o/a outro/a avalía.

Utilizarase un baremo baseado nos seguintes criterios:

EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN

Refírese a:

- A capacidade de colaborar e interactuar coa persoa interlocutora.
- A organización da información e das ideas.
- O cumprimento das funcións comunicativas da tarefa.
- O desenvolvemento dos puntos indicados na tarefa cun contido apropiado.
- O uso de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión.
- O uso dun rexistro apropiado en función da persoa destinataria, do propósito comunicativo e da situación.

FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN

Refírese a:

- A duración e frecuencia das pausas.
- A intelixibilidade do discurso.
- A variación na entoación.

RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL

Refírese a:

- A variedade e precisión das estruturas morfosintácticas.



	<ul style="list-style-type: none"> • O grao de corrección <u>morfosintáctica</u>. <p>RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA</p> <p>Refírese a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A variedade e precisión de los recursos léxicos. • O grao de corrección léxica.
--	--

14. RESULTADOS

Os resultados das probas publicaranse antes de finalizar o mes da súa realización. Cada escola determinará e informará da data exacta de publicación.

A cualificación outorgada será APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, segundo corresponda.

A puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, acadar unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba, é dicir, 81,25 puntos.

EXCLUSIVAMENTE QUENDA OFICIAL: As persoas candidatas que obteñan a cualificación de NON APTO poderán presentarse na convocatoria extraordinaria ás destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.

Poderán, así mesmo, examinarse daquelas destrezas nas que non alcanzasen o 65% da puntuación total da destreza, é dicir: 16,25 puntos. A nota das destrezas superadas gardarase ata a convocatoria extraordinaria e a cualificación final calcularase sempre coa nota máis alta alcanzada pola persoa candidata en cada destreza.

Aquelas persoas que obteñan a cualificación de NON APTO e que aprobaron algunha/s actividade/s de lingua, poderán solicitar unha certificación académica de que alcanzaron ou dominio requirido na/s actividade/s de lingua aprobada/s.

Para poderen obter a certificación, as persoas candidatas que non acaden a cualificación de APTO en todas as actividades de lingua³ deberán presentarse de novo en convocatorias posteriores e seren avaliadas de todas as actividades de lingua.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a proposta da escola oficial

³ **Alumnado oficial:** entre as convocatorias ordinaria e extraordinaria. **Alumnado libre:** na convocatoria única.



de idiomas na que se realiza a proba, expediralles o correspondente certificado de nivel Avanzado C1 a aquelas persoas candidatas que superen esta proba, unha vez abonados os prezos públicos correspondentes ao dito certificado na secretaría do centro examinador.

15. RECOMENDACIÓNS FINAIS

Antes da proba

- Lea atentamente a guía informativa e de especificacións para as persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das probas
- Confirme o día, hora e aula de cada parte da proba escrita.
- Consulte a súa convocatoria concreta para as probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral publicada polo centro; recorde que estas probas podarán ser fixadas para antes ou despois da proba escrita.

Durante a proba

- Escriba o seu nome e apelidos na folla do exame.
- Lea con atención todas as instrucións.
- Distribúa adecuadamente o tempo do que dispón para realizar as diferentes tarefas. Resulta conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles erros.
- Escriba con letra cara en todas as partes da proba.
- Escriba ou marque as respostas con claridade.

Despois da proba

Saia da aula con discreción e abandone o centro en silencio para non molestar ás demais persoas que continúen realizando as probas.